


631/2019/95
MPX-2/19
20 10/19

MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE A CORUÑA NO ÁMBITO DO SURT 3 "VÍO"



DOCUMENTO AMBIENTAL ESTRATÉGICO

ABRIL 2019

Aprobado pola Xunta de
Goberno Local en sesión de

25 SET. 2019

Certifico:
O Secretario, p.d.


Diligencia: Se extiende para hacer constar
que el documento del MPX-2/19
se presenta con fecha 12/4/19
para su inscripción
el funcionario encargado



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



OFICINA DE
MEDIO AMBIENTE



Oficina de Planeamiento, S. A.
Juan Flórez, 106, 19º A-D
15005 A Coruña (España)

opsa @ odepsa.com
telf (34) 981 272 151
fax (34) 981 145 629

MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE A CORUÑA NO ÁMBITO DO SURT-3 "VÍO".

DOCUMENTO AMBIENTAL ESTRATÉGICO


ABRIL 2019

Aprobado pola Xunta de
Goberno Local en sesión de

25 SET. 2019

Certifico:
O Secretario, p.d.





Oficina de Planeamiento, S. A.
Juan Flórez, 106, 19º A-D
15005 A Coruña (España)

opsa @ odepsa.com
telf (34) 981 272 151
fax (34) 981 145 629



MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE A CORUÑA NO ÁMBITO DO SURT-3 "VÍO".

DOCUMENTO AMBIENTAL ESTRATÉXICO

ABRIL 2019

O Documento de Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal de A Coruña no ámbito do SURT 3 "Vío" foi producido pola Oficina de Planeamiento, S.A. para o Concello de A Coruña, elaborándose en desenvolvemento do contrato de servizos para a súa redacción, e incorpora as consideracións realizadas no informe municipal de data 8 de marzo de 2019.

Participando na súa redacción: Alfonso Díaz Revilla, arquitecto; María Viña Segura, arquitecta; Delfina Losa García, avogada e Francisco D. Díaz Gallego, arquitecto.

Asdo.: Alfonso Díaz Revilla
Arquitecto

Asdo.: Delfina Losa García
Avogada



MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE A CORUÑA NO ÁMBITO DO SURT-3 “VÍO”.

DOCUMENTO AMBIENTAL ESTRATÉXICO

ABRIL 2019

ÍNDICE	PÁX.
1. INTRODUCCIÓN	1
2. OBXECTIVOS DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL	2
3. ALCANCE E CONTIDO DA MODIFICACIÓN	3
3.1. ALCANCE E CONTIDO	3
3.2. DEFINICIÓN DE ALTERNATIVAS CONSIDERADAS	5
4. DESENVOLVEMENTO PREVISIBLE DA MODIFICACIÓN	6
5. CARACTERIZACIÓN DO MEDIO ANTES DO DESENVOLVEMENTO DA MODIFICACIÓN	7
6. POTENCIAIS EFECTOS AMBIENTAIS DA MODIFICACIÓN	9
7. INCIDENCIAS PREVISIBLES SOBRE PLANS E DIRECTRICES XERAIS E SECTORIAIS RELACIONADOS	11
7.1. ANTECEDENTES DE PLANEAMENTO	11
7.2. PLANS E DIRECTRICES XERAIS E SECTORIAIS RELACIONADOS	14
8. XUSTIFICACIÓN DA APLICACIÓN DO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA	16
9. MEDIDAS PREVISTAS PARA CONSERVAR O MEDIO AMBIENTE	17
10. MEDIDAS PREVISTAS PARA O SEGUIMENTO AMBIENTAL DO PLAN	18

25 SET. 2019

Certifico:
O Secretario, p.d.

1. INTRODUCCIÓN

O presente Documento Ambiental Estratéxico (DAE) é parte integrante do procedemento administrativo de Avaliación Ambiental Estratéxica ao que é sometida a Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal de A Coruña no ámbito do SURT-3 "Vío" en execución da sentenza 4642/2013 do 17 de setembro da Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

A entrada en vigor da "Ley 9/2006 sobre evaluación de los efectos de determinados planes y programas en el medio ambiente", que foi derogada pola Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, introduce na lexislación española a avaliación ambiental como un instrumento que permite integrar os aspectos ambientais na toma de decisións de plans e programas, incorporando ao novo dereito interno a Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de xuño de 2001, e implica que a planificación urbanística deba ter como referente a utilización racional do territorio para compatibilizar o desenvolvemento e o dinamismo económico necesario coa cohesión social, o respecto ao medio ambiente e a calidade de vida das xeracións presentes e futuras.

Así, a Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, establece que o promotor do plan ou programa deberá presentar ante o órgano substantivo, xunto coa documentación esixida pola lexislación sectorial, unha solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada, acompañada do borrador do plan ou programa e dun Documento Ambiental Estratéxico.


Con estes antecedentes, o Concello de A Coruña como promotor da Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal subscribe este documento que dá resposta aos requirimentos establecidos na lexislación vixente, así como ao especificado pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio; documento que, xunto co Borrador da Modificación, servirá de punto de comezo do procedemento polo que se somete á Avaliación Ambiental Estratéxica.

2. OBXECTIVOS DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

A presente modificación puntual o é do Plan Xeral de Ordenación Municipal de A Coruña, aprobado definitivamente mediante acordo do Pleno do Concello de A Coruña en sesión celebrada o día 25 de febreiro de 2013 (DOG 08.03.2013), e ten por obxecto a modificación da ordenación do SURT-3 "Vío", incorporando ao Plan Xeral a ordenación aprobada por acordo municipal o 7 de xullo de 2003, en base á cal foi executado o plan parcial.

A presente modificación puntual xustifícase pola sentenza 00536/2015 do 17 de setembro da Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na que se estima parcialmente o recurso de Promotora de Viviendas Urbanas S.L. contra a Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do 25 de febreiro de 2013 pola que se aproba definitivamente o Plan Xeral de Ordenación Municipal de A Coruña, anulando parcialmente dito plan con relación ao ámbito do SURT-3 de Vío así como mantendo a ordenación prevista no Plan Parcial aprobado no ano 2003 nas parcelas descritas na demanda.

O promotor da presente Modificación Puntual é o Concello da Coruña.




3. ALCANCE E CONTIDO DA MODIFICACIÓN

3.1. ALCANCE E CONTIDO

O Plan Xeral foi aprobado definitivamente mediante Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do 25 de febreiro de 2013 (DOG 08.03.2013), redactándose conforme ao establecido na Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

O Plan Xeral de Ordenación Municipal de A Coruña alterou a ordenación das parcelas que constitúen o obxecto da presente Modificación Puntual no ámbito do SURT-3 "Vío", modificando o trazado dos viais e das zonas verdes tal e como figura no plano O.6 Zonificación.



O ámbito está incluído dentro do Solo Urbanizable de Réxime Transitorio do Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado o 19 de outubro de 1998. O réxime aplicable aos solos urbanizables de réxime transitorio está regulado nos artigos 3.3.3 a 3.3.5 da Normativa do Plan Xeral de Ordenación Municipal de A Coruña.

A alteración proposta no Plan Xeral de Ordenación Municipal de A Coruña non implica a adopción de novos criterios respecto da estrutura xeral e orgánica do territorio nin a

adopción dun novo modelo territorial, axustándose ao disposto nos apartados 3 e 4 do artigo 83 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia (en adiante, LSG).



3.2. DEFINICIÓN DE ALTERNATIVAS CONSIDERADAS

A presente modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal de A Coruña no ámbito do SURT-3 "Vío" ven motivada pola execución da sentenza 00536/2015 do 17 de setembro da Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, polo que non é posible definir alternativas de ordenación, máis aló da consideración dunha alternativa 0 que supón a non modificación do Plan Xeral e polo tanto a non execución da sentenza, e dunha alternativa 1 que se basea xustamente no cumprimento da citada sentenza.



4. DESENVOLVEMENTO PREVISIBLE DA MODIFICACIÓN

Tal e como xa se ten indicado no apartado 2 do presente documento a modificación puntual xustifícase pola sentenza 00536/2015 do 17 de setembro da Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na que se estima parcialmente o recurso de Promotora de Viviendas Urbanas S.L. contra a Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do 25 de febreiro de 2013 pola que se aproba definitivamente o Plan Xeral de Ordenación Municipal de A Coruña, anulando parcialmente dito plan con relación ao ámbito do SURT-3 de Vío así como mantendo a ordenación prevista no Plan Parcial aprobado no ano 2003 nas parcelas descritas na demanda.

Neste senso a modificación puntual modifica o trazados dos viarios e das zonas verdes previstas no Plan Xeral restituíndo os trazados executados conforme o planeamento de desenvolvemento aprobado definitivamente por acordo municipal o 7 de xullo de 2003.

Polo tanto o desenvolvemento previsible da modificación non será significativo no ámbito clasificado como SURT-3 "Vío", toda vez que os novos trazados son coincidentes cos trazados xa executados.



5. CARACTERIZACIÓN DO MEDIO ANTES DO DESENVOLVEMENTO DA MODIFICACIÓN

O ámbito obxecto da presente modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal de A Coruña ten unha extensión superficial de 697.580 m², segundo medición sobre cartografía dixital, e linda ao norte con solo rústico, ao sur con ámbitos de solo rústico e co API-J40 "Novo Mesoiro", ao leste co polígono de PO.CO.MA.CO e as vías do tren e ao oeste co termo municipal de Arteixo. O seu límite detallado grafase en planos.



Dende o punto de vista das características naturais, o ámbito carece de calquera elemento reseñable, presentando maioritariamente unha configuración de parcelas industriais e comerciais vacantes, e viais executados e urbanizados, situado nun extremo do termo municipal, continuando o solo industrial de PO.CO.MA.CO e preto das vías do tren.

Aprobado pola Xunta de
Goberno Local en sesión de
25 SET. 2019
Certifico:
O Secretario, p.d.

Aprobado pola Xunta de
Goberno Local en sesión de

25 SET. 2019
Certifico:
O Secretario, p.d.



A súa conformación topográfica presenta unha forte pendente entre o punto máis baixo na zona de contacto coas vías do tren e o punto máis alto no límite con Arteixo, organizándose a urbanización do ámbito en terrazas a diferentes niveis.



6. POTENCIAIS EFECTOS AMBIENTAIS DA MODIFICACIÓN

Segundo o establecido na Lei 21/2013 de avaliación ambiental, o órgano promotor debe identificar, describir e avaliar os probables efectos significativos sobre o medio ambiente que poidan derivarse da aplicación do Plan ou Programa.

Así, e de acordo coas directrices establecidas con anterioridade para a redacción da modificación puntual consistentes na incorporación do plan de ordenación do viario xa executado do ámbito do SURT-3 "Vío"; **estímase que os previsibles efectos ambientais xerados pola actuación non son significativos.**

Dito isto, a continuación enuméranse as variables sobre as que o planeamento urbanístico pode producir afeccións ou polas que se pode ver afectado.

- Paisaxe:

Dentro do ámbito non existen valores paisaxísticos de mención.

- Patrimonio natural:

Dentro do ámbito, ou no seu contorno, non existen elementos que integren o patrimonio natural máis aló de algunha especie arbórea de interese.

- Patrimonio cultural:

Dentro do ámbito, ou no seu contorno, non existen elementos que integren o patrimonio cultural.

- Ocupación do solo:

A modificación puntual do ámbito do SURT-3 "Vío" en execución da sentenza 00536/2015 do 17 de setembro da Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia non amplía a ocupación de solo prevista polo Plan Xeral de Ordenación Municipal Vixente en tanto que non supón a ampliación do ámbito senón a modificación do trazado dos viais e dos espazos libres do solo urbanizable en réxime transitorio sen alterar as superficies totais previstas para o ámbito.

- Economía e sociedade:

Non se prevén efectos relevantes sobre a economía e a sociedade.

- Mobilidade:

Toda vez que a urbanización do ámbito xa esta executada, non se prevén efectos relevantes sobre a mobilidade.

- Ciclo hídrico:

Toda vez que a urbanización do ámbito xa esta executada, non se prevén efectos relevantes sobre o ciclo hídrico.



Aprobado pola Xunta de
Goberno Local en sesión de


25 SET. 2019
Certifico:
O Secretario, p.d.


7. INCIDENCIAS PREVISIBLES SOBRE PLANS E DIRECTRICES XERAIS E SECTORIAIS RELACIONADOS

7.1. ANTECEDENTES DE PLANEAMENTO

O vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de A Coruña foi aprobado definitivamente mediante Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras do 25 de febreiro de 2013 (DOG 08.03.2013), redactándose conforme ao establecido na Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

Conforme ao planeamento vixente, a clasificación do solo do ámbito suxeito a modificación puntual é a de solo urbanizable en réxime transitorio (SURT-3 "Vío"), sendo lindante ao norte con solo rústico, ao sur con ámbitos de solo rústico e co API-J40 "Novo Mesoiro", ao leste co polígono de PO.CO.MA.CO e as vías do tren e ao oeste co termo municipal de Arteixo.





PLANEAMENTO VIXENTE

Aprobado pola Xunta de
Goberno Local en sesión de
25 SET. 2019
Certifico:
O Secretario, p.d.

Aprobado pola Xunta de
Goberno Local en sesión de

25 SET. 2019

Certifico:
O Secretario, p.d.

Suelo Urbanizable Régimen Transitorio: Vfo

2598

(Sector 4)

SURT 3

Ámbito:
SUELO URBANIZABLE DE RÉGIMEN TRANSITORIO. Limitado por el
límite del término municipal y la línea de ferrocarril a la altura del
polígono industrial del POCOMACO.

Planeamiento Básico del Área:

Referencia nº Expediente	Denominación	Fecha de aprobación
PGOM 1993		16/01/1993

Desarrollos y/o Modificaciones:

Referencia nº Expediente	Denominación	Fecha de aprobación
190	Modificación Puntual	01/02/2001
192	Plan Parcial	07/07/2003
402	Plan Especial	07/07/2003

Determinaciones complementarias PGOM 2003:

- Sistema Local de Red Vial
 - Sistema General de Red Vial
 - Sistema General de Red Ferroviaria
 - Sistema Local de Espacios Libres
 - Normal Zonal - Cambio de calificación
- La superficie total y la superficie edificable total de las siguientes parcelas es:
- | | Superficie parcela | Edificabilidad |
|-------|-------------------------|-----------------------|
| M 4-1 | 6 973,35 m ² | 0 000 m ² |
| M 4-2 | 7 102,16 m ² | 0 550 m ² |
| M 5-1 | 7 524,63 m ² | 20 500 m ² |
| M 5-2 | 5 404,63 m ² | 11 725 m ² |
| M 5-3 | 0 105,20 m ² | 8 655 m ² |
- Se tendrán en cuenta las determinaciones del Dictamen sobre alteraciones del Plan Especial de Emergencia Exterior de la Refinería incluido en el documento 046 de las INIUA.
 - Se sustituye la obligación de obtener el suelo para la ejecución del vial Sur-VG-540 por la obtención del Norte-VG-1 que conecta el ámbito con la Tercera Ronda.
 - Incorporar las medidas preventivas de carácter ambiental señaladas en el art. 32 C de las INIUA.
 - Incluido en zona de Ordenación del P.O.U. Se observarán las determinaciones del art. 6 de las INIUA del P.O.U.

BUENOS:
que se extiende para hacer constar que el
presente documento refundido se
corresponde con el documento aprobado
definitivamente por la Orden de 25.02.2013
de la C.M.A.T.I., al que se incorporan
las modificaciones señaladas en ella.
A Coruña, a 16 de mayo de 2013
El Oficial Mayor

Alejandro Ramos Antelo Martínez

rod viaria L G S
espacios libres L G S
equipamientos L G S
infraestructuras L G S
red ferroviaria G
espacios portuarios G

límite de sistema/norma zonal
número de plantas
zona privada

ámbito
zona privada

OSERACION

plano **H37-40/L36-37**

Marzo 2013

REVISIÓN DEL PGOM

1:20 000

N

100

200

300

400

500

600

700

800

900

1000

Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

7.2. PLANS E DIRECTRICES XERAIS E SECTORIAIS RELACIONADOS

. Directrices de Ordenación do Territorio.

O ámbito da modificación do Plan Xeral atópase dentro da Rexión Urbana Ártabra definida polas Directrices de Ordenación do Territorio (DOT), concretamente na Área Urbana da Coruña.

Nas determinacións das DOT non existe ningunha que poida relacionarse directamente co proposto pola presente modificación puntual do Plan Xeral.

. Outros plans e afeccións sectoriais:

Entre os plans e afeccións que poden ter incidencia sobre o ámbito da Modificación Puntual proposta están os seguintes:

I. Plans Sectoriais:

- a) Plans sectoriais de estradas: Non afecta.
- b) Plan Hidrolóxico Galicia Costa: Non afecta.
- c) Plan de Emerxencia Exterior da Refinería de Bens: O ámbito do SURT-3 atópase afectado polos radios de afectación do fenómeno BLEVE procedente de Repsol Butano e polo tanto tamén das súas zonas de alerta, permitíndose só o uso industrial, tal e como recolle o Ditame Técnico de Afección da Refinería.
- d) Plan Director da Rede Natura: Non afecta.

II. Afeccións Sectoriais:

- a) Estradas: Non afecta.
- b) Costas: Non afecta.
- c) Augas: Non afecta.
- d) Portos: Non afecta.
- e) Aeroportos: O ámbito do SURT-3 atópase afectado polas servidumes de aeródromo e radioeléctricas, e polas servidumes de operación do aeroporto de A Coruña-Alvedro segundo as delimitacións da Axencia Estatal de Seguridade Aérea contidas no PXOM.

- f) Espazos Naturais: Non afecta.
- g) Ferrocarrís: O ámbito atópase parcialmente afectado pola zona de dominio público e zona de protección. Así mesmo, o "*Estudio informativo del acceso ferroviario al puerto exterior de La Coruña en Punta Langosteira*" aprobado polo Ministerio de Fomento (BOE 27/02/2018) afecta directamente ao ámbito do SURT-3.
- h) Montes: Non afecta.
- i) Minas: Non afecta.
- j) Defensa: Non afecta.
- k) Eléctricas: Non afecta.





8. XUSTIFICACIÓN DA APLICACIÓN DO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA

O artigo 6 da Lei 21/2013 de avaliación ambiental regula o ámbito de aplicación da avaliación ambiental estratéxica, diferenciando entre avaliación ambiental estratéxica ordinaria e avaliación ambiental estratéxica simplificada.

No caso da Modificación Puntual Plan Xeral de Ordenación Municipal de A Coruña óptase pola avaliación ambiental estratéxica simplificada en base ás seguintes consideracións:

1º.A modificación non establece o marco para a futura autorización de proxectos legalmente sometidos a avaliación de impacto ambiental.

2º.Non existe afectación a espazos incluídos na Rede Natura 2000.

3º.A extensión superficial do ámbito, 69.75 ha, é de reducida extensión si se compara a nivel municipal, 3.783 ha, o que representa menos do 1,84% da superficie do Termo Municipal.

Pola súa banda o artigo 46.2.a) da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, establece que serán sometidos a avaliación ambiental estratéxica simplificada as modificacións menores dos instrumentos de planeamento.

Conforme ao anterior, queda plenamente xustificada a aplicación do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada á Modificación Puntual Plan Xeral de Ordenación Municipal de A Coruña.

9. MEDIDAS PREVISTAS PARA CONSERVAR O MEDIO AMBIENTE

Dado que a planificación proposta non mostra efectos ambientais significativos de carácter estratéxico, tal e como xa se detallou no apartado 6 do presente documento, non se considera necesario establecer medidas dirixidas a reducir, eliminar ou compensar os posibles efectos negativos que se poidan producir sobre o medio, tendo en conta que o ámbito xa foi executado.



10. MEDIDAS PREVISTAS PARA O SEGUIMENTO AMBIENTAL DO PLAN

Dado o alcance, extensión e contido da modificación, non se considera necesario establecer a previsión dun sistema de seguimento, máis aló da remisión ao establecido no vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal.

